

*"Doulle voz ás silenciadas"*  
*Relatos contra a violencia machista*



**25 DE NOVEMBRO**  
*Día contra a  
violencia de xénero*

IES ESCOLAS PROVAL

# *Relatos premiados*

Yessica Daniela	3
Virgina Ferradás Varela	4
Águeda	5
Olga Savenchuk	6
As silenciadas: Ana	7
Apagouse a luz de Judith	8
Teresa, a profesora feliz	9

# Yessica Daniela

Yessica Daniela tiña 33 anos. Vivía en Valencia pero nacera en Madrid.

Mudouse a Valencia para rematar os estudos cando tiña 23 anos. Acabou a carreira para ser profesora. A noite que saíu coas súas amigas para celebralo, coñeceu un rapaz.

Yessica e as súas amigas estaban nun bar e ela foi ao baño. De camiño, chocou cun mozo. Era alto e louro, estiveron falando un anaco ata que unha das amigas de Yessica foi ver se estaba ben. Ela pediulle o número ao rapaz e marchou coas súas compañeiras.

Pasou o tempo e Yessica seguiu falando con aquel mozo, quedou con el moitas veces e, despois de seis meses sendo amigos, el pediulle que fosen noivos. Ela aceptou pois xa se namorara del dende o primeiro día.

Estiveron de noivos sete anos ata que el lle pediu matrimonio.

Yessica era o que sempre quixo ser: profesora de primaria. Ademais diso, co tempo tamén conseguira outro dos seus soños: ser nai. Tiña dous fillos.

Yessica estaba moi estresada, co traballo, co coidado dos fillos... así que comezou a quedar máis coas súas amigas para relaxarse un pouco.

O seu marido, que cambiara moito neste tempo, revisáballe o móbil, desconfiaba dela e comezara a pegarlle. Pensaba todo o tempo que o enganaba. Ela quería divorciarse polo maltrato que recibía... pero non tivo tempo.

Unha noite cando lle respondeu aos insultos, el matouna.

I

RIA PAZOS, 1º ESO

# Virginia Ferradás Varela

Virginia foi asasinada cando tiña 55 anos, o 29 de xaneiro de 2020.

Virginia era unha moza moi amable e alegre que vivía feliz nunha casa no medio do monte.

Gustábanlle as comidas familiares nas que se falaba da vida e se contaban historias; esas reunións que fan que a vida pase moi rápido. Soñaba con viaxar a eses lugares onde toda axuda é necesaria, e coñecer novas culturas, persoas, historias...

Ela salvoulle a vida a José Alén Lorenzo, quen ameazaba con suicidarse dende o tellado máis alto da súa casa, unha escura tarde de outubro. E, como o destino xoga sucio e a morte ten mal xenio, non lle perdoou esa vida e xurou que o pagaría.

Un día Virginia e José quedaran para unha comida familiar, pero non daban chegado. A familia chamou entón ao teléfono de Virginia, por se lle pasara algo, pero ninguén contestou. Foron á súa casa, mais ninguén abriu a porta.

Poucas horas despois, os policía entraron pola ventá e confirmaron que Virginia estaba morta, especificamente asfixiada. José acabara coa súa vida.

Agora Virginia segue viva no corazón da súa filla, que bota horas preparando o menú para esas comidas familiares que fan que a vida pase máis rápido. Viaxa cada outubro a eses lugares onde toda axuda é necesaria e coñece novas culturas, persoas, historias... coa diferenza de que ela non salvará a ningún home.

**RITA ÁLVAREZ, 1º ESO**



# Águeda



Chámome Águeda. Teño 21 anos, mellor dito, tiña 21 anos ata que un día un monstro quixo que lle pertencera. Se soubese o que me ía pasar ese día, correría a xunta da miña nai, a xunta das miñas amigas, tan só para lles dicir que as quero e lembrarlles que son especiais, únicas.

Aquel home vestido de negro, agarroume polo pescozo e obrigoume a entrar no coche. Levoume a un lugar que non coñecía. Un lugar no que a única vida que se podía atopar eran as árbores e algún cabalo polo medio. Sen dúbida, o que me quedou claro era que non ía poder berrar, porque ninguén me ía escoitar.

Baixamos do coche e agarroume outra vez polo pescozo. Tiroume ao chan, coma se fose unha cabicha que se lanza pola ventá. En cuestión duns segundos sacou algo do peto. Non logrei ver o que era pero neses instantes notei 3 puñaladas na miña barriga. Aí foi cando berrei. Berrei de dor, de rabia, de soidade, porque sabía que ninguén me ía escoitar. Soa, soa morría.

Pouco a pouco íanseme as forzas, xa non era quen de berrar. Custábame respirar. Custábame vivir. As lágrimas esvarábanme polas meixelas e, nun instante, deixei de sufrir; aí as poucas forzas que tiña xa se foron esvaecendo, pouco a pouco...

Aquel monstro, sen piedade, escondeume nunha cova da zona e tentou queimarme para que non houbese sospeitas do meu asasinato. Seis ou sete días despois, o meu verdugo descubriu onde se atopaba o meu corpo. Así, por fin, a miña familia puido descansar; déronme un adeus, recibiron un pésame por unha nova vítima da violencia de xénero.

Por iso, pido xustiza para todas aquelas mulleres que están sufrindo, que están sendo maltratadas. O meu asasino foi Francisco Javier Reyes Barreiro que, por desgraza, está libre. El afastoume da miña familia, de pasar o tempo co meu irmán; arrebatoume todo o que eu quería ou polo que devecía. O derradeiro desexo que non me deixou cumprir foi volver á miña casa e demostrar que estaba ben, coma un día normal...

En memoria de Águeda.

**ANTONIO IGLESIAS, 1º ESO**

# Olga Savenchuk

Olga era unha muller de 61 anos, de orixe ucraína que vivía en Puertollano (Cidade Real). Estudou para ser embaixadora e, con 30 anos, destinárona a España. Traballou durante 23 anos na embaixada ucraína de Madrid e, ao xubilarse, trasladouse a Albacete.

Gustábanlle moito os cans; de feito, tiña un, chamado Rufus. Adoitaba dar largos paseos polo parque do Retiro e visitar o Museo Reina Sofía. Nunca volveu ir a Ucraína pero si visitou outros países europeos como Francia, Italia, Alemaña, Polonia ou a República Checa.

Viviou solteira toda a súa vida e, farta desta situación, decidiu acudir en outubro do 2019 a un programa para buscar parella de Castilla-La Mancha TV. Chamaron moitos homes pois, pese á súa idade, Olga posuía un físico envexable e era moi atractiva. De todos os pretendentes, Olga escolleu a Antonio Sánchez Gallego, de 53 anos.

Durante un ano, mantiveron unha relación marabillosa cun único problema: Olga vivía en Albacete e Antonio en Puertollano. Un dos dous viaxaba cada quince días para visitar o outro ata que Olga decidiu mudarse á vila do seu namorado.

Esta decisión saíulle ben nos primeiros días; eran moi felices e podían pasar moito máis tempo xuntos pero, un mes despois, o 12 de xaneiro, Antonio disparoulle catro tiros a Olga. Cunha quinta bala, suicidouse.

Olga levaba quince anos sen saber nada da súa familia. A única persoa á que quería era a Antonio. Aínda que non falase moito cos veciños, todos a botarán de menos...

**NOA PAZOS, 4º ESO B**

# As silenciadas: Ana

Vida.

A vida que me arrebataron sen opción a elixir. De súpeto. Coma unha andoriña que bate as súas ás e que, pouco a pouco, vai desaparecendo no horizonte. Coma un derradeiro suspiro.

Chamábanme Ana, e por desgraza arrebatáronme o único que me quedaba: a vida. Unha vida moi lonxe dos luxos e da estabilidade. Unha vida que non me tratou ben, aínda que por sorte, hoxe podo falar de momentos nos que a felicidade campaba pola miña vida coma se fose a súa casa. Non obstante, a mala sorte sempre estaba aí, coma unha sombra da miña propia felicidade.

Un día, namoreime dun home. Esvelto, alto, educado... formaba un “pack” perfecto de todo aquilo que miña nai dicía que era bo. Comezamos a saír e os dous nos namoramos profundamente. Lamentablemente, a nosa felicidade foi esvaecéndose devagar e aquel home do que me namorara convertérase nun verdadeiro monstro.

Arrebatoume todo, os meus fillos, a miña familia, o meu fogar... Con 44 anos atopábame na rúa. As noites no Parque da Liña da Concepción eran frías, aínda que chegou un momento que deixei de sentir. Deixei de sentir o frío, e a miña persoa convertérase nunha auténtica fortaleza contra calquera humillación, maltrato ou insulto.

Botárame da casa, sen nada, cun par de cartóns convertidos en colchón. Todo eran desgrazas e o único polo que sorría era por saber que xa nunca máis volvería sufrir as malleiras diarias e a humillación constante.

Pero as voltas da vida, provocaron que un día, o meu agresor, aquel monstro, decidise elixir por min. Así, naquela noite pechada, entre andoriñas que botaban a voar na procura dun lugar mellor, a miña viaxe ía rematar. Nesa madrugada, el decidiu baterme con toda a súa maldade.

Dor.

Dor era o que sentía por todo o corpo, pero sabía que o mal xa estaba rematando, que eu non sería un número máis nesa listaxe infinita de nomes e por iso, decidín voar.

O meu corpo foi atopado días despois. Un corpo fracturado, desfeito, cheo de golpes e hematomas que provocaran o meu final. Pero aquel monstro de 42 anos, agochado baixo un home esvelto, alto e educado... por fin foi detido.

Por fin, repítome a min mesma.

Hoxe, moitas mulleres coma min están sufrindo todo tipo de malos tratos e, ás veces, aínda que berres, ninguén te escoita. Como se estiveses nun túnel sen saída, soa, no que ninguén te oe. Por iso, quero dicirche, miña amiga, que non estás soa, porque eu e todas as que fomos silenciadas estamos contigo para que, dunha vez, comecen a escoitarnos mentres estamos vivas... e non cando xa é demasiado tarde.

**HELENA IGLESIAS, 2º BACHARELATO**

# Apagouse a luz de Judith

Judith, estaba comezando desde había uns meses a súa nova vida, despois dunha relación con Carlos, un mosso d'escuadra que pasaba dos 40 anos. Judith tiña un novo círculo de amigos, e outros de había tempo, pois como volvera para a casa dos seus pais, recuperou vellas amizades que dende que empezara a súa relación con Carlos, fora perdendo por causa dos celos que el tiña.

Ó principio, todo era fermoso, flores, palabras de cariño, comunicación... pero conforme pasaban os meses, as cousas cambiaban a peor, tanto que Carlos empezaba a pórle restricións, na vestimenta, nos horarios, ou con quen falaba. Isto derivou nunha relación de control por parte de Carlos sobre Judith. Ela non podía nin quedar con amigos e amigas ou coa súa propia familia. Logo díxolle que deixase o traballo e provocou que dependese del para todo; só podía saír da casa se estaba el.

Judith deuse conta de que non podía seguir así, pois con 29 anos estaba atrapada nunha relación de control, submisión e medo, e decidiu deixar a Carlos. El non o tomou nada ben e empezou a dicirlle que ela non valía para nada, que sen el a onde iría; sen cartos, sen traballo... Como a mirou tan decidida a deixalo, ameazouna con matala, pois se non estaba con el non podía estar con ninguén máis. Nese mesmo momento Judith, colleu catro cousas nunha maleta e saíu pola porta para ir á casa dos seus pais.

Pasados uns meses, Judith estaba apuntada nun curso de enfermería, ao que acudía tódolos días agás as fins de semana, pois traballaba nunha cafetería ó lado da casa de seus pais. Carlos nese tempo non deixara de chamala e de mandarlle mensaxes ameazantes, que ela ignoraba.

A mañá do sábado 18 de xaneiro, cando Judith saíu do portal do edificio dos seus pais, estaba Carlos esperándoa, pois el xa a estivera controlando e sabía a hora que sairía para ir traballar. Sen mediar palabra, Carlos sacou a súa arma regulamentaria e disparoulle dúas veces; ela caeu desfalecida ao chan. Carlos axeonllouse ao seu carón e antes de que se apagase a vida de Judith, díxolle que xa a avisara, que non podía estar máis que con el e, ó acabar de dicilo, suicidouse alí mesmo.

**GENARO BOUZÓS, 3º ESA**



# Teresa, a profesora feliz

Teresa, unha muller xubilada de 83 anos, levaba casada con Francisco máis de 40 anos. Tiñan catro fillos, tres dos cales se atopaban na localidade e, concretamente, un deles vivía na mesma casa.

Teresa tiña cinco netos e encantáballe xogar con eles e contarlles cousas loucas que facían os seus pais cando eran máis pequenos. Ata a súa xubilación traballou como profesora de primaria e encantáballe estar con nenos.

Segundo contan os veciños e achegados, ela e o seu home eran unha parella exemplar, traballadores e sempre dispostos a axudar os demais. O Goberno confirma que non había ningunha denuncia previa, pero o que declarou o fillo que convivía con eles, fai pensar que tiñan problemas matrimoniais dende que Francisco deixara de traballar por problemas de saúde.


Carlos (o fillo) describe a súa nai como unha persoa encantadora e que sen ningunha dúbida amaba o seu marido. Tamén di que o seu pai comezara a beber demasiado e volvérase moi agresivo ultimamente.

Un 5 de agosto, Carlos chega ao domicilio e encontra o corpo sen vida da súa nai. Tras chamar a policía, el xa temía que o culpable podería ser o seu pai. Horas máis tarde, Francisco era detido pola Garda Civil como principal sospeitoso.

**ESTÉFANO CARVALHO, 3º ESA**

# “Doulle voz ás silenciadas”

*Con esta antoloxía de relatos,  
recreados polo noso alumnado a  
partir de biografías reais,  
queremos lembrar a todas as  
mulleres vítimas da violencia de  
xénero que viron a súa voz  
silenciada para sempre...*



*IES Escolas Proval*

